



Graphis scripta (L.) Ach.

Especie frecuente en Galicia en hábitats húmidos. Avisa preferencia polos troncos e pólas de cortiza lisa ou pouco enrugada, preferentemente de caducifolios (foto 1, nun bidueiro).

Os talos son crustáceos abrancazados, lisos ou con pequenas fendeduras (fotos 1, 2, 3 e 4). Os apotecios son alongados, este tipo de corpos fructíferos chámanse lirelas (fotos 2, 3 e 4). Estas lirelas son negras, simples ou algo ramificadas (fotos 3 e 4), o rebordo propio (foto 4a) non ten fendas lonxitudinais e o disco é un suco que percorre a lirela polo centro (foto 4b). As esporas fusiformes de 21-65 X 5-10 μm, hialinas e tabicadas, de 7 a 11 septos (foto 5).

Fotobionte: alga do xénero *Trentepohlia*.

Reaccións: negativas.